



COMUNICACIÓN COMO PEQUEÑO PRODUTOR DE RESIDUOS PERIGOSOS

OBXECTO

Inscribir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia ás entidades ou empresas que produzan residuos perigosos en instalacións situadas na Comunidade Autónoma de Galicia (en cantidade inferior a 10 toneladas anuais computadas por instalación).

No caso das empresas construtoras deberán presentar esta comunicación cando produzan residuos perigosos en cantidade inferior a 10 toneladas anuais computadas por obra (na inscrición figurará o NIMA xenérico de obras da/s provincia/s correspondente/s). Para aquelas obras nas que se produzan máis de 10 toneladas anuais de residuos perigosos, será necesario presentar a comunicación como produtor de residuos perigosos nas que figurará o NIMA e enderezo correspondente á obra produtora.

No caso das empresas de mantemento deberán presentar esta comunicación cando produzan residuos perigosos en cantidade inferior a 10 toneladas anuais (na inscrición figurará o NIMA e enderezo correspondente á instalación onde a empresa de mantemento realice a provisión inicial dos residuos, agás cando non teñan, que figurará entón o NIMA xenérico de mantemento da/s provincia/s na/s que se inscriba).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

ÓRGANO QUE TRAMITA

O Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático correspondente á provincia onde se sitúe o centro de traballo no que se producen os residuos, agás no caso de inscrición como pequeno produtor de residuos perigosos nunha instalación autorizada ou en trámite de autorización como instalación de tratamento de residuos, que será a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade (o Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación ou o Servizo de Residuos, segundo quen teña a competencia para outorgar a dita autorización).

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Formulario de comunicación (**anexo I**).
- Datos de identificación da actividade e cantidade estimada de residuos que se ten previsto producir anualmente, coa súa identificación segundo o artigo 6 da Lei 7/2022 (**anexo II-P**).



- **Aclaración dos códigos LER-RAEE** da solicitude segundo a táboa do anexo VIII do Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (só no caso de que a solicitude presente este tipo de residuos).
- Acreditación da representación da persoa xurídica con copia da escritura notarial da representación debidamente inscrita no rexistro mercantil.
- Xustificante do pago da taxa administrativa.

FORMULARIOS

- MT986H

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Aberto todo o ano.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

De conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, as solicitudes poderán presentarse:

- No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).

De conformidade co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 e co artigo 10.1 da Lei 4/2019, en todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas.
- As entidades sen personalidade xurídica.
- Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
- Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.
- Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

TAXAS

Datos xerais: <http://sirga.xunta.gal/taxas-administrativas>

Código: 32.52.04

Concepto: Inscripción de pequeno produtor de residuos perigosos

INFORMACIÓN DA INSCRICIÓN

A comunicación terá efectos dende o momento en que se presenta, non obstante, a administración ten que comprobar o cumprimento dos requisitos por parte do solicitante, de modo que no caso de que o solicitante non os cumpra, comunicaráselle que non procede a inscrición en tanto non emende as deficiencias detectadas.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, emitirase un escrito na que se comunique ao interesado o número da súa inscrición.

A comprobación realizarase desde a unidade tramitadora competente para a inscrición.

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientador, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contempladas na regulamentación específica.

Última modificación: setembro 2024